

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2009.

En Abegondo, a 14 de decembro de 2009, no local social de Santa Marta de Babío (Casal, nº13 - Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. José Manuel Amigo Santos, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Xosé Uxio Rey Fernández , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDIO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

2.1.1.1. Reimplantación do cultivo de lúpulo na comarca (varios concellos):

Con data 04 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda da entidade Lúpulo Tecnología de Galicia, S. Coop. Galega.

A entidade promotora é unha cooperativa agraria constituída no ano 2008 con domicilio social no concello de Bergondo, tendo por obxecto a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ó mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, e da Cooperativa, e a mellora da poboación agraria e do desenvolvemento rural, así como atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou se relacione directamente con ela.

O proxecto de carácter produtivo consiste na reimplantación de cultivo de lúpulo nos concellos inicialmente de Abegondo, Bergondo, Oza e Cesuras. O investimento previsto é aproximadamente de 850.000.- euros e irá dirixido á compra de equipos e maquinaria; á instalación de rego por goteo, pozo e enerxía; á compra de solo rústico para ubicar ás instalacións e a construción dunha nave-almacén. Pretenden chegar ás 30 hectáreas, contando coa colaboración do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), aínda que inicialmente implantaríanse só 15 hectáreas con este expediente.

A finalidade deste proxecto, é recuperar un cultivo que xa ten demostrado a súa rendabilidade ate os anos 80, e que no caso de España existe unha demanda altísima porque é deficitaria, producindo tan solo o 40% das necesidades de mercado.

En relación á incidencia sobre o emprego na comarca, se pode dicir que cada tres hectáreas de cultivo xeran un posto de traballo fixo, polo que neste proxecto se poderían xerar arredor de 7 unidades de traballo fixo. A entidade promotora se compromete a crear como mínimo 3 empregos.

Liñas estratéxicas:

2.5. Investimentos para a introdución de cultivo de lúpulo.

A axuda máxima nesta medida son de 250.000 euros.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar a AGADER este expediente para a súa verificación.

2.1.2. MEDIDA 412: MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL

2.1.2.1. Recuperación dunha senda fluvial polo Rego de San Pedro (Oleiros)

Con data 15 de outubro de 2009 o Concello de Oleiros ten presentado unha solicitude de axuda para o proxecto “Recuperación dunha senda fluvial polo Rego de San Pedro”.

O proxecto que tería carácter non produtivo consiste na recuperación dunha senda polo borde do rego de San Pedro cunha lonxitude total de 3.393,17 metros, atravesando varios núcleos de poboación das parroquias de Iñás e Nós. Esta senda formaría parte dos Programas municipais de sendeirismo para todas as persoas do concello.

Con esta iniciativa se pretenden realizar as seguintes accións: Retirada de peches e outros elementos que invaden o dominio público do regato; retirada de cascallos que impiden o paso pola beira; habilitación dunha senda peonil ou para bicicletas que permita unha mellor comunicación entre os núcleos de poboación. Esta comunicación peonil sería importante dado que podería supor unha alternativa de desprazamento obviando a Nacional VI, actualmente de grande perigosidade para viadantes, cicloturistas, etc.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 470.000 euros e irían dirixidos ó acondicionamento e recuperación desta senda (traballos previos; movemento de terras; cimentacións; albanelería; revestimentos; solados e firmes; instalación electricidade; xestión e tratamento de residuos; seguridade e saúde e control de calidade.)

A incidencia medioambiental do proxecto é clara, por unha banda axudará a mellorar o entorno do regato retirando residuos, permitirá unha mellor vixianza do seu estado, retirando elementos construtivos que invaden o dominio público e poñerá en valor o regato que se atopa escondido e abandonado.

Nun futuro podería comunicarse co Paseo Marítimo do Burgo e con Sada (polo Espírito Santo).

Liñas estratéxicas:

2.3. Limpeza e adecuación dos cauces fluviais.

2.5. Recuperación de fontes, mançais e muíños, así como de camiños ligados ós cauces fluviais.

O Xerente do Programa LEADER, informa ós asistentes que este expediente está pendente de recibir documentación complementaria.

2.1.2.2. Restauración forestal para fomento do uso social e recreativo do Monte Castelo (CMVMC Castelo)

Con data 04 de novembro de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda da Comunidade de Montes Veciñais de Castelo.

A Comunidade de Montes de Castelo foi constituída no ano 2003. Esta Comunidade está composta polas parcelas de “Monte Xalo”, “Monte do Vilar” e “Monte das Cerdeiras”, ubicada na parroquia de Castelo (Concello de Culleredo).

Os terreos obxecto do presente proxecto, pertencen o denominado como “Monte Xalo”, situado na parroquia de Castelo. Cualificado como Monte Veciñal en Man Común por Resolución de 04 de marzo de 2004 (DOG nº69, de 12 de abril de 2004)

O obxectivo principal desta iniciativa é a recuperación dun espazo degradado. A superficie a recuperar é unha canteira abandonada onde se quitaba a pedra cando o Monte era propiedade do Concello de Culleredo.

Coa recuperación deste espazo se pretende por unha banda dotar á parroquia de Castelo dunha zona de lecer pública, e por outra banda plantexar unha repoboación piloto, con piñeiro micorrizado, para un futuro aproveitamento dos cogumelos.

A innovación deste proxecto se xustifica na recuperación dun entorno degradado de iniciativa privada, contribuíndo a que a súa recuperación poida achegar á cidadanía un entorno adecuado para o seu disfrute e uso público. Será unha das primeiras plantacións con piñeiro micorrizado do territorio “Mariñas – Betanzos”.

O orzamento para realizar este investimento ascende aproximadamente a 13.200 euros, que irían dirixidos ós traballos no terreo, apertura accesos, compra dos piñeiros, micorrización e plantacións.

Liñas estratéxicas:

1.4. Investimentos para a mellora de xestión ambiental dos montes e de espazos de interese ambiental.

5.3. Investimentos en Montes Veciñais en Man Común para o uso social.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER, unha vez que a entidade promotora remita ó Grupo un informe ambiental, onde se aclare determinados aspectos sobre o recheo da canteira e a súa incidencia ambiental.

2.1.3. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

2.1.3.1. Modernización empresa servizos forestais (Cambre)

Con data 25 de maio de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda presentada por Sergio Ares.

O proxecto de carácter produtivo consiste na ampliación e modernización dunha pequena empresa de servizos no medio rural, centrada no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, etc., a través da compra dun novo tractor, para a realización do servizo de recollida de lodos nas canteiras, novo servizo que non prestaba ata o de agora e que non existe na comarca.

Na actualidade, o promotor conta cun tractor que non pode facer este novo servizo. Para a recollida de lodos nas canteiras é necesario contar cun tractor de maior capacidade e prestacións.

Este servizo permitirá mellorar a xestión da auga e os residuos nas canteiras, minorando lixiviados e filtracións contaminantes.

As inversións ascenden a 81.000.- euros dirixidos á compra do tractor. Non se crearía emprego pero contribuiría a consolidar o emprego do propio promotor, que leva dende o ano 2006 nesta actividade.

Liñas estratéxicas:

1.7. Incentivos para a mellora da xestión ambiental nas empresas.

6.3. Incentivos para o xurdimento de servizos ás explotacións.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE a AGADER.

2.1.3.2. Subministración e colocación refuxios para paradas de autobús interurbano (Oleiros)

Con data 29 de xullo de 2009 o Concello de Oleiros ten presentado unha solicitude de axuda para instalar nove refuxios (marquesiñas) nos núcleos de poboación na liña de transporte interurbano que financia o propio Concello de Oleiros, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos destes núcleos rurais, que son Edreira, A Covada, As Pedreiras, Sarro situados na parroquia de Oleiros; Campamento en Iñás; Che Guevara e As Galeras en Lians; A Lagoa e Xoez en Maianca; Aba en Dexo e Mesón da Auga en San Pedro de Nós.

Os investimentos ascenderían aproximadamente a 50.000 euros e irían dirixidos á colocación e subministro das marquesiñas.

Liñas estratéxicas:

3.2. Apoio á implantación de servizos no medio rural.

O Equipo Técnico do Programa LEADER, presenta ante a Xunta Directiva dúbidas de que este proxecto reúna as condicións mínimas de innovación para que AGADER o aprobe. A Xunta Directiva, tras estudar o expediente non aprecia o carácter innovador.

2.1.3.3. Ampliación empresa maiorista de pinturas (Cambre)

Con data 31 de agosto de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda da entidade Pinturas y Distribuciones Proinde, S.L.

Esta entidade foi constituída no ano 1994 e ten como actividade a venta de pinturas como maiorista e os seus complementos. Esta empresa da emprego directo a oito persoas, das que a maioría son residentes do propio Concello de Cambre. Conta con “Certificado de Sistema de Gestión de Calidad” emitido por AENOR.

O obxectivo principal deste proxecto será o de mellorar a xestión da empresa. Para elo se pretende construír unha nave na parroquia de Sigrás, Concello de Cambre e poder equipala para ser destinada a almacén e loxística.

Estas novas instalacións permitiran mellorar a competitividade da empresa, co valor engadido de mellorar as condicións de traballo de todo o persoal.

En relación á creación de emprego, con este proxecto se crearían alomenos dous novos postos de traballo, comprometéndose a entidade promotora a que un deles sexa unha muller xoven.

Unha das melloras que acarreará a construción desta nave será a redución da posible incidencia ambiental no entorno, permitindo reducir os custos no transporte, e por conseguinte a emisión de gases ó reducirse o consumo de carburante. Nesta nave se pretende facer unha dependencia completamente illada para as mercancías que poidan resultar máis perigosas. A nave cumprirá con todos os requisitos medioambientais, incluídos paneis solares. Utilizarán elementos eléctricos de baixo consumo.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 896.000 euros e irán dirixidos á construción da nave, así como a compra de mobiliario e maquinaria para as novas instalacións.

Liñas estratéxicas:

1.2. Incentivos para a creación de emprego.

1.4. Incentivos para a incorporación de innovacións nas empresas.

O Equipo Técnico do Programa LEADER, manifesta ante Xunta Directiva o difícil encaixe e xustificación ante AGADER do carácter innovador deste proxecto. A Xunta Directiva, estudado o expediente e tralo debate, non aprecia tampouco o seu carácter innovador, polo que será enviado a AGADER un ICE desfavorable.

2.1.3.4. Nova Escola Infantil en A Lagoa – Maianca (Oleiros)

Con data 19 de outubro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda do Concello de Oleiros.

Este proxecto de carácter produtivo, consiste no acondicionamento dun vello edificio de preescolar municipal en desuso, para adaptalo a escola infantil de nenos de 0 a 3 anos no núcleo de A Lagoa (Maianca).

Este proxecto contempla a rehabilitación do inmovible para a ubicación dunha escola de tres unidades, que posteriormente o Concello de Oleiros pretende sacar a concurso a prestación dos servizos.

Esta escola infantil ofrecerá os servizos de comedor; transporte; actividades de verán; servizo de orientación psicopedagóxica; inserción laboral de colectivos en situación de risco social e tamén programará actividades complementarias para os nenos/as como poden ser de sensibilización ambiental, potenciación da lingua galega, entre outras.

Se pretende dar un servizo de gardería para as familias de Oleiros, da que hoxe en día existe unha grande demanda. Indirectamente se facilitará a inserción laboral dos pais e nais.

O número de postos de traballo que se teñen previsto crear ascende a oito persoas. O Concello de Oleiros ten asinado un compromiso de crear como mínimo 5 empregos. Informar que nos pregos que han de rexer tanto a contratación de xestión indirecta da escola como a dos servizos externos (transporte, catering...) serán contempladas cláusulas sociais destinadas a favorecer a inserción sociolaboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social (mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con minusvalía, parados de longa duración...).

Os investimentos ascenden aproximadamente a 420.000 euros e irían destinados á obra civil (acondicionamento) e ós honorarios técnicos.

Liñas estratéxicas:

3.2. Apoio á implementación de servizos no medio rural.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE a AGADER para a súa verificación.

2.1.3.5. Creación casa de comidas en Cambás (Aranga)

Con data 23 de setembro de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda para a creación dunha casa de comidas na parroquia de Cambás do Concello de Aranga de Aladina Seijas.

O obxectivo principal deste proxecto e dar un servizo de restauración á poboación do lugar, ás casas de turismo rural e ó público en xeral que se desprazan a este núcleo rural para disfrutar de actividades ó aire libre así como do entorno rural.

A promotora pretende recuperar unha antiga casa de comidas e bar que a antiga propietaria tiña en activo antes da súa xubilación. Neste novo establecemento, que a promotora dispón en réxime de aluguer, pretende desenvolver os seus coñecementos de cociña, elaborando pratos tradicionais con produtos da zona, sen deixar de utilizar outros produtos galegos.

O proxecto ofrece un servizo de restauración que non existe actualmente no lugar. A casa ten unha fachada de pedra de cantería moi ben conservada, e o interior precisa dun arranxo xeral consistente en pintura, colocación de mobles de cociña, cambio de portas, separador das mesas do comedor da barra, creación dun almacén e a creación dunhas escaleiras para comunicar a cociña co comedor. Tamén colocaría un moble expositor para promocionar os produtos do territorio e o Viño da Terra de Betanzos para a súa venta.

A promotora asinaría un compromiso de ofrecer no seu establecemento produtos do territorio.

Con esta iniciativa se crearía o posto de traballo da promotora e se crearía outro posto a tempo completo, que a promotora se compromete a que sexa unha muller.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 50.000 euros que irían dirixidos á reforma da casa (tarima flotante; pintura; falsas vigas; portas; escaleira) mobles, menaxe e electrodomésticos de cociña.

Liñas estratéxicas:

2. Fomento das actividades turísticas ligadas ó medio natural.

3.2. Apoio á implantación de servizos no medio rural.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE a AGADER para a súa verificación.

2.1.3.6. Detección de novas iniciativas empresariais innovadoras que contribúan ó desenvolvemento e mellora do patrimonio natural e a paisaxe (Asociación Terra das Mariñas)

Con data 22 de novembro de 2009, a Asociación Terra das Mariñas ten presentado unha solicitude de axuda ó Programa LEADER no rexistro da Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

A Asociación “Terra das Mariñas” consciente do papel que xogan a agricultura e o medioambiente na programación 2007-2013, ten elaborado este proxecto, tendo como obxectivo principal impulsar a detección de novas iniciativas empresariais innovadoras que contribúan ó desenvolvemento e mellora do patrimonio natural e a paisaxe.

Este proxecto de carácter non produtivo, xurde coa intención de crear novas oportunidades de emprego no territorio e en especial o emprego de mulleres e mozos/as, desenvolvendo unha agricultura e silvicultura respectuosas co medio ambiente e con maior valor engadido, facendo fronte ó abandono de terras.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar co desenvolvemento deste proxecto son:

1. Identificar e impulsar as producións agrarias e pecuarias e fomentar a súa implantación.
2. Identificar e impulsar as producións no sector forestal e fomentar a súa implantación.
3. Identificar e impulsar as iniciativas ligadas ó medio ambiente e fomentar a súa implantación.

Para poder levar a cabo este proxecto está previsto un orzamento de 82.000 euros que irían dirixidos á contratación dunha asistencia técnica para levar a cabo os traballos.

Liñas estratéxicas:

- 1.4. Fomento da cultura emprendedora entre xóvenes e mulleres.
- 4.3. Acción para o mantemento e recuperación de sistemas pastorís e UXFOR.
- 7.2. Accións de tranferencia de investigacións en marcha, tanto agrícolas como forestais.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE a AGADER para a súa verificación.

3. ROGOS E PREGUNTAS

1. Acórdase convidar a un técnico que designe AGADER á vindeira reunión de Xunta Directiva, para explicar ós membros o papel que agarda AGADER da Xunta Directiva na selección de proxectos, principalmente da súa capacidade de decisión; así como aclaracións sobre os cambios recentes que efectúen no Réxime de Axudas dende AGADER.
2. Se acorda que nas vindeiras Xuntas Directivas, se presentará unha tabla que indique a evolución do gasto público comprometido do Programa LEADER.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 23.00 horas.

En Abegondo, a 14 de decembro de 2009

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes